

Certificados de profesionalidade.

Competencias clave nivel II

Proba escrita

Competencia lingüística: lingua galega

Duración: sesenta minutos

1º apelido	
2º apelido	
Nome	
Lugar do exame	
Data	

Obxectivo	Avaliar as capacidades vinculadas á competencia en lingua galega.
Duración	60 minutos.
Estrutura da proba	A proba está integrada por quince cuestións. Dez están relacionadas con dous textos e con elas preténdese avaliar a capacidade para comprendelos e sintetizar o seu contido. As cinco cuestións restantes tratan o seguinte: prefixos, distinguir entre información e opinión, rexistros lingüístico, signos de puntuación, coordinación suxeito-predicado e emprego de conectores.
Materiais que pode utilizar o alumno	Bolígrafo con tinta negra ou azul.
Criterios de cualificación da proba	Cada cuestión correctamente contestada ten unha puntuación de 0.50 puntos, agás a cuestión de resposta aberta que vale 3 puntos. Para superar a proba hai que acadar 6 puntos.

Texto 1

Reclamacións por incidencias coa equipaxe nos aeroportos

Cando note calquera irregularidade coa súa equipaxe (perda, dano ou atraso) comuníqueo inmediatamente, antes de abandonar o aeroporto, nos mostradores da compañía aérea no propio aeroporto (ou se esta non tivese presenza no aeroporto, ao seu axente *handling* ou representante).

Cando comunique a incidencia no aeroporto, a compañía aérea ou o seu axente de *handling* emitirán un parte de irregularidade de equipaxe (PIR) e entregaranlle unha copia, que lle recomendamos garde.

Ademais, debe presentar unha reclamación formal por escrito á que deberá achegar copia do PIR, de acordo cos prazos establecidos no Convenio de Montreal:

- Danos na equipaxe: ten 7 días desde a recepción da equipaxe.
- Atraso da equipaxe: ata 21 días desde a data en que debería recibir a equipaxe.
- Perda da equipaxe: non hai límite establecido no Convenio, pero recoméndase realizar a reclamación canto antes, unha vez transcorridos os 21 días durante os cales a maleta estivo atrasada, ou despois de que a compañía aérea lle confirmou que a súa equipaxe está perdida.

Teña en conta que a recepción da equipaxe sen protesta pola súa banda constituirá presunción, salvo proba en contrario, de que foi entregada en bo estado e de conformidade co documento de transporte.

Se o seu voo ten que facer unha conexión con máis dunha compañía, é posible que poida facturar a súa equipaxe desde a saída ata o destino final. Se fai isto e algo ocorre coa súa equipaxe, vostede pode reclamar contra calquera das compañías que a transportaron.

Tomado de:

[http://www.seguridadaerea.es/AESA/LANG_CASTELLANO/PASAJEROS/RECLAMACIONES/Reclamaciones incidencias equipaje.htm](http://www.seguridadaerea.es/AESA/LANG_CASTELLANO/PASAJEROS/RECLAMACIONES/Reclamaciones_incidencias equipaje.htm)

1. A palabra *handling* utilízase para designar a empresa encargada da equipaxe nas viaxes aéreas. Por que aparece escrita en letra *cursiva*?

- A. Porque é o nome que se lles dá aos axentes ou representantes encargados da equipaxe.
- B. Porque é unha palabra escrita noutro idioma.
- C. Porque normalmente en todos os textos aparecen palabras escritas en letra *cursiva* ou **negriña**.

2. Se vostede observa que a súa maleta aparece rota, que debe facer?

- A. Mostrar indignación nos mostradores da compañía aérea, porque, do contrario, non lle fan caso; despois, encher o parte de irregularidade (PIR) e esixir que a compañía pague a indemnización polos danos causados na maleta.
- B. Encher o parte de irregularidade (PIR) e agardar a que a compañía aérea se poña en contacto con vostede nun prazo de 21 días para poder esixirle a indemnización polos danos causados.

- C. Comunicalo nos mostradores da compañía aérea no mesmo aeroporto, quedarse coa copia do parte de irregularidade (PIR), que achegaremos á reclamación escrita que se debe facer nun prazo non superior a 7 días.

3. Se lle perderon a equipaxe tras un voo:

- A. Ademais de encher o parte de irregularidade (PIR) no aeroporto, debe facer unha reclamación por escrito unha vez transcorridos 21 días desde a súa perda ou desde a comunicación da súa perda por parte da compañía aérea.
- B. Non saír do aeroporto ata que nos dean confirmación de que está localizada.
- C. Encher o parte de irregularidade (PIR) nos 21 días posteriores á perda ou á comunicación da súa perda por parte da compañía aérea.

4. Lea de novo o texto e sinala as características da súa redacción.

- A. É un texto complicado e longo de máis para informar dos pasos a seguir no caso de non recibir a equipaxe, danos na mesma ou atraso no seu recibo. Utiliza palabras difíciles e que non se entenden ben.
- B. É un texto que utiliza os termos precisos para informar dos pasos a seguir no caso de non recibir a equipaxe, danos na mesma ou atraso no seu recibo. Non utiliza palabras para facer o texto máis fermoso ou expresivo, nin se estende para facelo máis longo innecesariamente.
- C. É un texto demasiado breve e esquemático, o que dificulta moito a súa comprensión, xa que non explica ben os pasos a seguir no caso de non recibir a equipaxe, danos na mesma ou retraso no seu recibo.

5. Escriba en forma de esquema os pasos a seguir no caso de danos na equipaxe, atraso ou perda.

1. Danos na equipaxe:

-
-

2. Atraso na equipaxe:

-
-

3. Perda da equipaxe:

-
-

Texto 2

Pintar as casas dunha vila marítima con cores rechamantes: azul, vermello, amarelo, verde..., a proposta pode semellar estraña. No entanto, o proxecto, creado polo artista César Lombera, está en vías de se facer realidade. Os veciños de Cabo de Cruz, en Boiro, xa acolleron positivamente esta proposta que recupera a policromía tradicional da nosa costa.

O proxecto de pintar Cabo de Cruz de cores parte dun costume que se desenvolveu durante anos en moitas vilas mariñeiras do país. Segundo explica César Lombera, *“recollo unha tradición que había na zona xa desde os anos sesenta de ter as casas coloreadas. Isto debíase a distintas razóns. A xente estaba en barcos e visitaba países máis ou menos exóticos con vilas coloreadas”*, explica o artista. En concreto, portos do Caribe ou suramericanos poden ter sido inspiración de moitos mariñeiros para pintar as súas casas. *“Ao tempo”*, asegura Lombera, *“isto coincidiu cun momento no que os barcos ían facéndose máis grandes, e empregábase esa mesma pintura chea de cor para as casas”*. A estas cuestións engadíanse as puramente hixiénicas. Para evitar as inevitables manchas que a intemperie e a falta de camiños asfaltados producían nas fachadas, deuse en pintar zócalos máis escuros, abrindo o camiño a combinacións de cores do máis variado. Falamos entón dunha tradición relativamente recente que foi rapidamente substituída por outras propostas de cobertura de fachadas. De feito, xa cara aos anos setenta, foron substituíndose as cores pola cobertura de azulexo e de uralita para as fachadas ou por cores máis convencionais. Cabe debater, en todo caso, sobre a oportunidade de recuperar esta tradición.

A proposta de Lombera quere servir para achegarlle un novo atractivo a este enclave mariñeiro. *“Tendo en conta a arquitectura e a singularidade de Cabo de Cruz, propoño darlle cor ás casas para pór en valor a vila e darlle atractivos a nivel turístico, económico e ambiental e facer unha experiencia piloto que sirva para outros lugares da costa, xa que este tipo de policromía é común en toda a fachada atlántica galega”*, explica. De feito, na presentación do proxecto, este artista analiza a presenza da policromía na arquitectura ao longo da Historia.

O proxecto incorpora as novas tecnoloxías á tradición para facer unha presentación de como sería un Cabo de Cruz polícromo. *“O proxecto presenta unha carta de máis de sesenta cores que se fixo a partir dun estudo polo miúdo da tipoloxía que houbo en diferentes momentos. Faise unha proposta aleatoria para o conxunto, logo trataríase de ir vendo con cada veciño como quedaría a súa casa de xeito virtual”*. Lombera achega esquemas combinatorios de tres cores para fachada, zócalos e outras zonas que se poden ir adaptando aos diferentes casos.

Polo momento, a iniciativa conseguiu o apoio do Concello de Boiro e, exposta aos veciños, obtivo unha resposta entusiasta. *“O día da presentación, despois de ver o DVD no que se presenta o proxecto, a xente fixo unha ovación pechada que nos sorprendeu a todos. A acollida foi moi boa, penso que os veciños tiñan en mente esta tradición, e, de feito, desde que comezamos a traballar nesta iniciativa, hai xa catro anos, estamos vendo como a xente vai pintando as casas de xeito espontáneo”*. Agora mesmo o proxecto está pendente de conversas coa Xunta para ver as posibilidades de que os veciños reciban axudas para repintar as súas casas e lograr que o Cabo de Cruz polícromo sexa unha realidade.

Adaptado de : <http://www.culturagalega.org/noticia.php?id=13922>

6. Neste texto tamén aparecen anacos en letra *cursiva* e comiñas (“”). Isto é:

- A. Para que non resulte monótono cando lemos.
- B. Porque é máis coloquial que o texto que non vai en cursiva.
- C. Porque é unha forma de transcribir literalmente o que di alguén.

7. Tradicionalmente, por que se pintaban os zócalos máis escuros?

- A. Para imitar o que facían noutros lugares, onde tamén pintaban as fachadas das casas de cores rechamantes.
- B. Para ocultar a falta de camiños asfaltados.
- C. Para ocultar as manchas nas fachadas das casas debidas a causas diversas e para imitar o que se facía noutros países.

8. Facer unha *proposta aleatoria* é:

- A. Facer unha proposta aliándose co sentir daqueles a quen vai dirixida.
- B. Facer unha proposta ao chou, ao azar.
- C. Facer unha proposta allea e diferente a todo o que propoñen os demais.

9. *Unha ovación pechada*. Destes significados, cal é o que corresponde aquí a *pechada*?

A	Completamente cuberto.
B	Que ten moi xuntos e en gran número os elementos que o compoñen, unánime.
C	Que é difícil de entender por ter características propias e peculiares moi marcadas.
D	Pouco dado a expresar os seus sentimentos ou a falar coa xente.

10. O prefixo *poli-* é un elemento de orixe grega que entra na formación de palabras co significado de ‘varios, moitos’. En cal destes grupos de palabras só hai palabras con este prefixo?

- A. Polisílaba, polígono, policía, polideportivo, politraumatismo.
- B. Polisión, polisílaba, polifacético, políglota, político.
- C. Polifacético, politeísta, políglota, polivalente, polideportivo.

11. Nos recadros da dereita escriba F se se trata dun feito e O, no caso de ser unha opinión.

Penso que os veciños tiñan en mente esta tradición.	
O proxecto de pintar Cabo de Cruz de cores parte dun costume que se desenvolveu durante anos en moitas vilas mariñeiras do país.	
Coidamos que portos do Caribe ou suramericanos poden ter sido inspiración de moitos mariñeiros para pintar as súas casas.	
Agora mesmo o proxecto está pendente de conversas coa Xunta.	

12. Supoña que unha pequena empresa que se dedica a pintar fachadas lle propón a un grupo de veciños pintar as súas casas. Cal destes textos é o adecuado para presentarlle a súa oferta?

- **A.** A empresa que teño o honor de presidir preséntalles un estudo no que se reflicte a complexidade da obra. Se observan atentamente o presuposto, decatáranse da calidade de pigmentación da pintura que utilizamos, o *timing* previsto para levala a cabo e os nosos honorarios. Non ignoramos a magnitude da obra, a pesar do cal estamos en disposición de reducir os emolumentos que nos corresponderían en circunstancias ordinarias.
- **B.** Somos unha empresa seria e responsable que levamos tempo realizando traballos de pintura exterior. No presuposto aparece detallado o tipo de material que utilizamos e tamén o tempo estimado de realización. Ademais, ao tratarse de varios edificios, podemos ofrecerlles unha rebaixa no prezo, tal como aparece na cantidade final.
- **C.** Atendede, nós non imos de farol: somos o melloriño que hai no choio este de pintar fachadas. Da factura, xa falaremos, porque o prezo é barato, barato, como di aquel. Así que xa sabedes o que hai.

13. Sinale a opción na que os signos de puntuación (coma e punto) estean ben colocados.

- **A.** Pintar de cores diferentes as fachadas das casas, é tradición nos pobos costeiros galegos. De aí que, a idea non resulte extravagante, senón moi atinada.
- **B.** Pintar de cores diferentes as fachadas das casas é tradición nos pobos costeiros galegos. De aí que a idea non resulte extravagante, senón moi atinada.
- **C.** Pintar, de cores diferentes as fachadas das casas, é tradición nos pobos costeiros galegos. De aí que a idea non resulte extravagante. Senón moi atinada.

14. Tradicionalmente ... as fachadas das casas de cores rechamantes, ata que a cobertura con azulexo e uralita ... a pintura. Que formas verbais deben ir nos ocios?

- **A.** Pintábase – substituíu.
- **B.** Pintábanse – substituíron.
- **C.** Pintábanse – substituíu.

15. “Cando pintamos as casas de cores, dámoslle valor á vila e tamén serve como experiencia para outras vilas mariñeiras da fachada atlántica galega”. Cal destas frases significa o mesmo?

- **A.** Cando pintamos as casas de cores, dámoslle valor á vila e tampouco serve como experiencia para outras vilas mariñeiras da fachada atlántica galega.
- **B.** Cando pintamos as casas de cores, dámoslle valor á vila e ademais serve como experiencia para outras vilas mariñeiras da fachada atlántica galega.
- **C.** Cando pintamos as casas de cores, dámoslle valor á vila e non obstante serve como experiencia para outras vilas mariñeiras da fachada atlántica.

Folla de respostas

Respostas				
Nº	A	B	C	
1				
2				
3				
4				
5	RESPOSTA ABERTA			
6				
7				
8				
9				
10				
11				
12				
13				
14				
15				
Nº de respostas correctas				
Nº de respostas incorrectas				
Puntuación da proba				

Solución das preguntas

Respostas				
Nº	A	B	C	
1		X		
2			X	
3	X			
4		X		
5	RESPOSTA ABERTA			
6			X	
7			X	
8		X		
9	B			
10			X	
11	O - F - O - F			
12		X		
13		X		
14			X	
15		X		
Nº de respostas correctas				
Nº de respostas incorrectas				
Puntuación da proba				

05→ Esquema:

1. Danos na equipaxe:
 - Encher o parte de irregularidade (PIR) no aeroporto e gardar unha copia.
 - Achegar unha reclamación por escrito nun prazo non superior a 7 días.

2. Atraso na equipaxe:
 - Encher o parte de irregularidade (PIR) no aeroporto e gardar unha copia.
 - Achegar unha reclamación por escrito nun prazo non superior a 21 días.

3. Perda da equipaxe:
 - Encher o parte de irregularidade (PIR) no aeroporto e gardar unha copia.
 - Achegar unha reclamación por escrito; non hai prazo, pero é aconsellable enviala nos 21 días desde a perda ou comunicación por parte da compañía da perda.